

Ribeira Sacra: premios e investigación

Con motivo da celebración do Día de Galicia en Euskadi levouse a cabo, como é habitual, a Cata Concurso de Tintos Galegos en Euskadi, que se celebrou en Sestao. A actividade, organizada pola Irmandade de Centros Galegos en Euskadi coa colaboración da Asociación de Euskadi de Sumilleres, repartiu ata tres premios para viños da D.O. Ribeira Sacra. Concretamente, o primeiro premio foi para Marcelino I da adega Marcelino Álvarez González; e o segundo, para Cruceiro da adega Ramón Marcos Fernández. Ademais, estableceuse un accesit que recaiu no Sabatelius de Adegas e Viñedos Lareu.

E xa na XIV Cata Concurso de Viños Brancos Galegos, que se celebrou en Bilbao, obtivo o primeiro premio o Ribeira Sacra Peza do Rei, de Adega Cachín.



O presidente da Deputación de Lugo visitou a parcela na que se realizan as investigacións

Por outra banda, expertos da Universidade de Santiago de Compostela están a levar adiante un estudio na Ribeira Sacra –financiado pola Deputación- encamiñado ao aforro de enerxía, ao minimizar a necesidade das actuacións do viticultor en tarefas como a limpeza do terreo ou o aporte de nutrientes á viña. Unha das conclusións ás que están chegando ós investigadores é que, ao contrario das prácticas habituais de manter limpas de herba estas plantacións, o mantemento dunha capa de vexetación entre cepas (chamado “acolchado”) evita a aparición doutros vexetais más prexudiciais para o cultivo, ao tempo que evita a excesiva erosión do terreo.

Por outra banda, o rego selectivo da planta en lugar das técnicas de rego habitual, tendo en conta diversos factores, como a climatoloxía, obriga á cepa a competir polos nutrientes coa herba que crece ó seu arredor, aumentando a calidade e forza da viña, revertindo nun aumento da cantidade e calidade do seu froito.

Os principais beneficiarios dos resultados desta investigación pioneira serán os propios viticultores, xa que poden seguir de preto o desenvolvemento dos ensaios, que se realizan nunha finca de Portomarín, e aplicalos no futuro.